



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tífs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DE 1 MONITOR/A DEPORTIVO PARA AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

1.- OBXETO DA CONVOCATORIA

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións para a selección de persoal laboral temporal de 1 monitor deportivo para as instalacións deportivas municipais, motivándose na necesidade temporal de cubrir de maneira rápida e urxente o posto de monitor deportivo para cubrir as actividades deportivas organizadas pola concellería de deportes durante a tempada 2015-2016.

As funcións a realizar serán as de fomentar e desenvolver o nivel de educación física comunitaria, o deporte e a recreación a partir da prestación dun servizo municipal de deportes para levar a cabo a programación establecida pola concellería de deportes na tempada 2015-2016, adicada a estimular o desenvolvemento físico, fortalecer a saúde e optimizar o emprego do tempo libre, encargándose das actividades seguintes:
-Ximnasia de mantemento e terapéutica de adultos, pilates, ioga, aeróbic, spinning, patinaxe, aquaeróbic, iniciación a diferentes deportes tales como baloncesto, voleibol, tenis, pádel, fútbol, fútbol base, ximnasio; ou calquera outra actividade organizada polo Concello que lle sexan encomendadas e sexan acordadas coa súa preparación.

2.- PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

A modalidade de contratación será a de contrato laboral temporal de duración determinada, por obra ou servizo determinado, prevista o RD 2720/1988, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratación de duración determinada.

As retribucións serán de 1.104,96 euros brutos mensuais máis dúas pagas extraordinarias semestrais.

A xornada de traballo será a tempo completo que se realizará de luns a sábado según turnos e cos descansos establecidos na lei.

Consta existencia de crédito no expediente.

3.- PUBLICIDADE

A publicidade da convocatoria realizarase mediante a publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, na páxina web e nun diario dos de maior difusión.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

a.- Ter a nacionalidade española, sin prexuízo do disposto a continuación. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como personal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción de aqueles que directamente o indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que ten por obxecto a salvaguardia dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. Estas previsións serán aplicables, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois ou dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe que non estén separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes. Extenderase igualmente as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os extranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b.- Poseer a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de se-lo caso da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d.- Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade establecidos na lexislación vixente.

e.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado,

non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos no acceso ao emprego público.

f.- Ter algunha titulación académica relacionada coa actividade física e o deporte. (licenciatura, diplomatura, ciclo formativo grado superior ou ciclo formativo grado medio).

Ter o curso de monitor/instrutor de ximnasia.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias.

5.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente, conforme modelo oficial que está a disposición na secretaría ou departamento de persoal do Concello, no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión. As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba en horario de 9 a 14 horas (agás os sábados que será de 10 a 13 horas), ou en calquera das formas que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Neste último caso, deberá remitirse xustificante de envío da solicitude dentro do prazo indicado para a presentación de instancias ao fax do Concello 981 880716.

As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia do D.N.I.

b) Fotocopia compulsada da titulación esixida e dos cursos de monitor/instrutor esixidos.

c) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CC.AA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, nin atoparse en causas de incompatibilidade ou de incapacidade establecidos na lexislación vixente.

d) Declaración xurada de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións. Farase un recoñecemento médico previo ao inicio da relación laboral unha vez superado o proceso de selección e que será condicionante para poder formalizar o contrato.

e) Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, xunto cos documentos acreditativos correspondentes, segundo o establecido na base cuarta, en orixinal o fotocopia compulsada, pois non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, no momento da presentación da instancia.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Expirado o prazo de presentación de instancias o señor Alcalde-presidente, dictará resolución, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En dita resolución que se publicará no taboleiro de edictos da Casa do Concello, indícarase o nome, apelidos e DNI dos admitidos/as e excluídos/as coas casuas da exclusión e concederase un prazo de dous días hábiles para que poidan formular reclamacións ou enmendar os defectos que motivasen a exclusión. Unha vez finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas éstas, as reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución de alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios do Casa do Concello. A devandita publicación servirá de notificación para os efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indícarase a data, lugar e comenzo das probas selectivas. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos, que será publicada no taboleiro de edictos da Casa do Concello.

6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

O sistema selectivo elixido será o sistema de **concurso-oposición**.

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocados en chamamento único, quedando excluídos os que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo tribunal. A orde de actuación dos aspirantes será alfabético.

FASE DE CONCURSO: Avaliaranse os méritos alegados debidamente acreditados polas persoas aspirantes segundo o seguinte baremo:

Titulacións:

-Licenciatura en Educación Física ou Ciencias da Actividade Física e o Deporte (CAFYD): 5 puntos.

-Diplomatura de Maxisterio (especialidade de Educación Física): 2 puntos.



-Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas (TAFAD) ou Técnico Superior en calquera modalidade deportiva: 1 punto.

-Técnico Medio en calquera modalidade deportiva. 0,5 puntos.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de titulacións é de 5 puntos.

Experiencia profesional:

Servizos efectivos prestados como monitor deportivo en calquera administración pública: 0,40 puntos por mes de servizo completo ou fracción superior ós 15 días.

Servizos efectivos prestados como monitor deportivo en calquera empresa privada: 0,20 puntos por mes de servizo completo ou fracción superior ós 15 días.

A experiencia profesional deberá xustificarse:

-Traballo por conta allea: Contratos de traballo, vida laboral expedida pola seguridade social sempre que poida acreditarse a categoría laboral desempeñada, calquera outro documento fidedigno que acredite a experiencia profesional.

-Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas xunto co último recibo ou documento que lle exima da devandita obriga.

-Traballo no extranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 3 puntos.

Cursos realizados:

Pola asistencia a cursos de formación relacionados co posto de traballo ao que se opta:

- Cursos de 20 ou máis horas lectivas: 0,10 puntos por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

Valoraranse os cursos de monitor/instrutor das seguintes modalidades:

- Monitor/instrutor de ximnasio.
- Monitor/instrutor de pilates.
- Monitor/instrutor de ioga.
- Monitor/instrutor de aeróbic-step.
- Monitor/instrutor de spinning (ciclo-indoor).
- Monitor/instrutor de patinaxe.
- Monitor/instrutor de baloncesto.
- Monitor/instrutor de voleibol.
- Monitor/instrutor de fútbol e fútbol base.
- Monitor/instrutor de pádel.
- Monitor/instrutor de tenis.
- Monitor/instrutor de atletismo.
- Monitor/instrutor de taekwondo.
- Monitor/instrutor de piscina.

Tamén se valorará calquera outra titulación que se poda impartir nas instalacións deportivas municipais.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 4 puntos.

Coñecemento de galego

Tamén se valorarán aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística.

- Curso de iniciación á Lingua Galega, celga 1/celga 2: 1 punto.
- Curso de perfeccionamento de Lingua Galega, celga 3/celga 4: 1,50 puntos
- Curso de especialización ou celga 5: 2 puntos.

So se terá en conta o curso de máximo nivel.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de coñecemento de galego é de 2 puntos.

TOTAL FASE DE CONCURSO: 14 PUNTOS.

A cualificación dos méritos na fase de concurso será anterior á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello. Os opositores disporán de 1 día hábil para reclamacións.

A puntuación obtida na fase de concurso non terá carácter eliminatorio e non poderá terse en conta para superar os exercizos da fase de oposición.

FASE DE OPOSICIÓN:

A oposición constará dun único exercizo, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en levar a cabo o desenvolvemento dunha clase a impartir de carácter práctico entre as actividades que terá encomendada como funcións o/a monitor/a deportivo. A duración máxima da sesión será de 20 minutos. Previamente o/a aspirante terá 15 minutos para preparar a sesión, entregando ao tribunal unha folla de sesión onde ten que establecer os obxectivos a cumprir e as tarefas a realizar en dita sesión.

As puntuacións irán de 0 a 10 puntos segundo o baremo acordado polo tribunal de selección.

É necesario para aprobar acadar unha puntuación mínima de cinco puntos na fase de oposición.

7.-COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL

De conformidade co artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público o Tribunal estará composto polos seguintes membros:

Os tribunais, contarán cun presidente (Evaristo Lois Rama-funcionario de carreira do Concello ou persoa en quen delegue), 1º vogal (Mª Carmen Castro Reborido-funcionaria de carreira do Concello ou persoa en quen delegue), 2ª vogal (Luz María Vieito Díaz-funcionaria de carreira do Concello ou persoa en quen delegue), 3º vogal (Manuela Gil Turnes- funcionaria de carreira do Concello ou persoa en quen delegue), Secretaria do Tribunal (María Magdalena Ordóñez Villar ou persoa en quen delegue).

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Todos os vogais deberán ter a titulación igual ou superior ao posto de traballo que se convoca.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 28.2 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas ou no artigo 13.2 do RD 364/1995 do 10 de marzo. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estimen pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercizo das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaboraran co órgano de selección.

Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

8.-PUNTUACIÓN FINAL

A cualificación final do concurso-oposición estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición.

De producirse empate na puntuación final, dirimirase a favor da maior puntuación na fase de oposición, e a continuación a da fase de concurso.

Oa candidato/a seleccionado/a será o/a que obteña a mellor puntuación.

Rematada a selección, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de postos convocados, e a fará pública no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Na acta de sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante aprobado non fora designado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección.

O/a aspirante seleccionado/a previamente a súa contratación, e no prazo de cinco días naturais desde a



súa proposta de nomeamento, deberán xustificar documentalmente os requisitos sinalados na base

cuarta. Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Rematado o proceso selectivo, e presentada a documentación polo/a interesado/a, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación do/da aspirante que obteñan a mellor puntuación. Con carácter previo á formalización do contrato e ao inicio da relación laboral, realizarase un recoñecemento médico pola mutua FREMAP cuxo resultado deberá ser APTO en consecuencia coa declaración xurada presentada ao abeiro da base 4.b) e 5.d). Se o resultado fose NON APTO, non se formalizará o contrato de traballo con este opositor/a, correrase a lista de aprobados e tirarase por orde de puntuación da lista de agarda. Mentres non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito á percepción de cantidade económica algunha. Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación, o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

10.- RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

11.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

Ao proceso de selección seralle de aplicación o establecido na Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de Réxime Local, no texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local 781/1986, de 19 de abril, o Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e no non derogado por ésta a Lei 30/84 de 2 de agosto de Medidas para a reforma da Función Pública, no Real Decreto 896/91 de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos funcionarios da administración local, o Real decreto legislativo 1/95 de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. A Lei 53/84 de 26 de decembro de incompatibilidades do personal ao Servizo das Administracións Públicas, a Lei 30/92 de 26 de novembro de Réxime xurídico das administracións públicas, lexislación autonómica e o Real decreto 364/1995, de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral do ingreso do personal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional, dos funcionarios Civiles da Administración Xeral do Estado e a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

12.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaránse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Santa Comba, con sede na Praza do Concello, 1 (Santiago), onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaria solicitude asinadas por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consinten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a calificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Asimesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Santa Comba, 4 de novembro de 2015

O ALCALDE,

Asdo.: José A. Ucha Velo